

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 21 de decembro de 2012.

Segundo o previsto na Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia, o 30 de setembro de 2025 o Instituto Galego de Estatística presentou perante o Consello Galego de Estatística, a través da súa plataforma web esta addenda ao proxecto técnico da operación 2506-01-OE06 Sistema de indicadores de lonxevidade que ata o 30 de novembro de 2025 non se recibiron alegacións á mesma, polo que queda aprobada.

ADDENDA AO PROXECTO TÉCNICO DA OPERACIÓN ESTATÍSTICA 21-103 (actualmente 2506-01-OE06) Sistema de indicadores de lonxevidade

O proxecto técnico da operación 21-103 (actualmente 2506-01-OE06) *Sistema de indicadores de lonxevidade* foi aprobado no ano 2012; o paso do tempo fai necesario introducir algunhas modificacións a este proxecto, que se inclúen na presente addenda.

O apartado de "Indicadores demográficos" utiliza principalmente como fonte de información a cifra estatística de poboación, que no momento da elaboración do proxecto técnico da operación eran as *Estimaciones de la población actual* do INE; esta fonte de información xa non existe e as cifras estatísticas de poboación son proporcionadas polo INE en novas operacións estatísticas (denominadas no momento actual *Estadística continua de población* e *Censos anuales de población*, pero que poden ser modificadas co paso do tempo), polo que cómpre actualizar a referencia utilizada, indicando a partir deste momento que se utilizará a cifra estatística de poboación que facilite o INE en cada referencia temporal.

Neste apartado dos indicadores de lonxevidade hai un indicador que no momento de elaboración do proxecto técnico non se podía calcular coa cifra estatística de poboación, que é a Porcentaxe de poboación estranxeira de 65 ou máis anos, e que se obtiña da explotación estatística dos datos do *Padrón Municipal de Habitantes*. Na actualidade esta información si que se pode obter a partir da cifra estatística de poboación que proporciona o INE, polo que cómpre substituír a fonte de información utilizada para este indicador, e así conseguir que todos os indicadores do apartado demográfico procedan da mesma fonte, a cifra estatística de poboación que facilite o INE, mellorando a consistencia da información.

O apartado de "Indicadores sociais e educativos" inclúe o Uso de TIC por persoas de 65 a 74 anos, e especifica que se recollen as categorías de uso de ordenador, internet, comercio electrónico e teléfono móbil a partir da *Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación en los hogares* do INE. Esta enquisa modificou o seu cuestionario e xa non investiga, desde o ano 2017, o uso de ordenadores.

Por outra parte, o IGE estuda na *Enquisa estrutural a fogares* o uso de TIC no ámbito galego; entre a información que proporciona está o uso de ordenador para o colectivo de poboación de 65 ou máis anos (rango de idades superior ao que investigaba o INE), por sexo, e dispón de resultados para esta variable desde o ano 2012.

Para poder continuar facilitando información sobre o uso de ordenadores na poboación maior en Galicia considérase oportuno substituír o indicador "TIC: Uso de

ordenador por persoas de 65 a 74 anos" por "TIC: Uso de ordenador por persoas de 65 ou máis anos" e utilizar como fonte de información a *Enquisa estrutural a fogares* do IGE, co que non se proporciona este indicador para o total nacional.

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de
Estatística do día 21 de decembro de 2012

21-103 Sistema de indicadores de lonxeidade

PROXECTO TÉCNICO

A lonxeidade, entendida como a duración da vida do ser humano, incrementouse de forma espectacular durante todo o século XX. No ano 1900 a esperanza de vida en España estaba en torno aos 35 anos e na actualidade en Galicia supera os 82 anos. O colectivo de persoas maiores vai incrementando o seu peso na poboación total, o que implica que aumenta a necesidade de información relativa a este grupo de persoas. O envellecemento poboacional é un dos temas que máis preocupa actualmente en Galicia, precisamente por ser unha das rexións nas que este fenómeno se presenta con maior intensidade no territorio español e europeo.

Obxectivo

A porcentaxe de poboación que se pode englobar co distintivo “persoa maior” aumenta continuamente, o que fai oportuno proporcionar información específica deste colectivo, desde distintos ámbitos: estrutura da poboación, mercado laboral, formación, atención médica, etc. O obxectivo desta operación estatística é presentar un sistema de indicadores que caractericen o colectivo das persoas maiores en Galicia.

Normativa. Xustificación

Dentro dos obxectivos informativos e como unha das súas liñas de actuación salientables, o Plan Galego de Estatística 2012-2016 encomenda profundar na análise da demografía. No Programa Estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, que recolle as operacións e actividades estatísticas que darán cumprimento aos obxectivos do plan, inclúese a operación estatística denominada *Sistema de indicadores de lonxeidade (21103)*, en estado de “en proxecto”, que permitirá dispoñer de información referente ao colectivo de persoas maiores por sexo e con periodicidade anual.

Fontes. Información de base

Na actualidade existen diversas fontes de información que inclúen datos acerca do colectivo de persoas de 65 ou máis anos, considerada esta idade habitualmente como límite inferior das idades do grupo denominado “persoas maiores”, e que podemos clasificar segundo pertencen aos ámbitos demográfico, social, educativo, sanitario, laboral ou económico.

Dentro da información demográfica, as fontes de información utilizadas serán as seguintes:

- “Estimaciones de la Población Actual” do INE, que proporciona as cifras de poboación no 1 de xaneiro de cada ano, por sexo e idades simples.
- “Indicadores demográficos”, do IGE, da que se poden extraer indicadores como a porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos ou os índices de envellecemento, sobreenvellecemento e dependencia senil.
- Padrón municipal de habitantes, do INE, da que se obtén a porcentaxe de poboación estranxeira no colectivo de estudo en cada ámbito xeográfico.

Nos apartados social e educativo, as fontes utilizadas serán:

- “Enquisa de Poboación Activa”, responsabilidade de INE-IGE, que proporciona información como son o estado civil ou o nivel de formación alcanzado polo colectivo de persoas de 65 ou máis anos.
- “Enquisa de condicións de vida das familias” do IGE, da que se pode extraer a tipoloxía dos fogares galegos compostos por persoas de 65 ou máis anos.

Os indicadores de tipo sanitario proceden de:

- “Defunciones según la causa de muerte” do INE.
- “Encuesta de morbilidad hospitalaria” do INE, con información sobre estancias hospitalarias.

A información de tipo laboral e económico procede de:

- “Enquisa de Poboación Activa” do INE-IGE, da que se extraen os indicadores relacionados coa actividade económica do colectivo de persoas maiores.
- Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), da que se obtén o salario medio de persoas de 65 ou máis anos, por sexo.
- “Enquisa de condicións de vida das familias” do IGE, que proporciona as taxas de risco de pobreza neste colectivo.
- A Web da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), que publica un resumo anual con datos de pensionistas, pensións por persoa e pensións medias anuais.
- “Encuesta de presupuestos familiares” do INE, que proporciona información sobre os gastos dos fogares segundo a idade do seu sustentador principal.

Definicións

Os indicadores incluídos nesta operación clasifícanse nas seguintes categorías: demográficos, sanitarios, sociais e educativos, e laborais e económicos. A maioría proceden das fontes xa mencionadas no apartado anterior, que recollen nas súas metodoloxías a súa elaboración; outros indicadores son calculados para esta operación en concreto.

Poboación obxectivo:

Colectivo de persoas de 65 ou máis anos.

Indicadores demográficos:

Os indicadores incluídos nesta categoría darán información para os niveis xeográficos provincia, Galicia e España, e por sexo.

- Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos: Cociente entre a poboación de 65 e máis anos e o total de poboación na data de referencia, para os ámbitos provincia, Galicia e España, e por sexo. Para os ámbitos galegos, este indicador está incluído na operación estatística “Indicadores demográficos” do IGE, e para o dato de España calcúlase a partir dos datos de “Estimaciones de la población actual”, do INE.
- Estructura da poboación de 65 ou máis anos: Cociente entre a poboación de cada grupo quinquenal de idade e o total de poboación de 65 ou máis anos. Calcúlase a partir da operación “Estimaciones de la población actual”, do INE.
- Porcentaxe de poboación estranxeira de 65 e máis anos: obtida da explotación estatística que fai o INE dos datos do Padrón Municipal de Habitantes.
- Índice de envellecemento: Relación entre a poboación de 65 e máis anos e a poboación de menos de 20 anos. Este indicador para os ámbitos galegos está incluído na operación estatística “Indicadores demográficos” do IGE, e para o total de España calcúlase a partir de “Estimaciones de la población actual”, do INE.
- Índice de sobreenvellecemento: Relación entre a poboación de 85 e máis anos e a poboación de 65 e máis anos. Este indicador para os ámbitos galegos está incluído na operación estatística “Indicadores demográficos” do IGE, e para o total de España calcúlase a partir das “Estimaciones de la población actual”, do INE.
- Índice de dependencia senil: Relación entre a poboación de 65 e máis anos e a poboación en idade potencialmente activa (de 15 a 64 anos). Este indicador para os ámbitos galegos está incluído na operación estatística “Indicadores demográficos” do IGE, e para o total de España calcúlase a partir das “Estimaciones de la población actual”, do INE.

Indicadores sociais e educativos:

- Estado civil das persoas de 65 ou máis anos: Porcentaxe de poboación de cada tipo considerado (solteiros, casados, viúvos e separados ou divorciados) e sexo sobre o total de poboación do grupo de idade, segundo as estimacións da Enquisa de Poboación Activa (EPA) do INE-IGE, por provincia, e para Galicia e España.
- Nivel de formación alcanzado polas persoas de 65 ou máis anos: Expresado en porcentaxe de poboación a partir da información extraída da EPA do INE-IGE, por

sexo, e para os ámbitos xeográficos Galicia e España. Neste caso os niveis de formación considerados son analfabetos, estudos primarios, educación secundaria (dividida en primeira e segunda etapa) e educación superior.

- Porcentaxe de persoas de 65 ou máis anos que viven en fogares con todos os seus membros de 65 ou máis anos: Extraído da “Enquisa de condicións de vida das familias” do IGE, referido ao 31 de decembro de cada ano e ao ámbito da comunidade autónoma galega, sendo o “fogar” a persoa ou conxunto de persoas que ocupan en común unha vivenda principal ou parte dela, e consomen e/ou comparten alimentos ou outros bens con cargo a un mesmo orzamento.
- Tipoloxía dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos: Extraído da “Enquisa de condicións de vida das familias” do IGE, referido ao 31 de decembro de cada ano e ao ámbito da comunidade autónoma galega. Utilízase a mesma definición de fogar que no apartado anterior. As tipoloxías consideradas son fogares unipersoais, as parellas sen fillos e o resto, denominado “outro tipo”, e que inclúe ás parellas con fillos, os fogares monoparentais, os fogares sen núcleo, os constituídos por un núcleo e outros, e os formados por varios núcleos.
- Uso de TIC por persoas de 65 a 74 anos: Extraído da “Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los hogares” do INE, por sexo e para Galicia e España. As categorías utilizadas son as porcentaxes de persoas con uso de ordenador, internet, comercio electrónico e teléfono móbil.

Indicadores sanitarios:

Os indicadores incluídos nesta categoría darán información para os niveis xeográficos Galicia e España, e por sexo.

- Porcentaxe de defuncións de persoas de 65 ou máis anos segundo a causa: Calcúlase a partir dos datos de “Defunciones según la causa de muerte”, do INE, por grupos quinquenais de idade. As causas de defunción consideradas son os capítulos da Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE) 10ª revisión.
- Esperanza de vida ao nacer e aos 65 anos: Estimación do promedio de anos que lle queda por vivir a unha persoa que acaba de nacer ou acaba de chegar aos 65 anos, no caso de que as condicións de mortalidade se mantivesen constantes. Estes indicadores para Galicia están incluídos na operación estatística “Indicadores demográficos” do IGE, e calcúlanse a partir da aplicación EPIDAT¹, por sexo. Os datos para o total de España obtéñense da operación “Indicadores demográficos básicos”, do INE.
- Estancia hospitalaria media de persoas de 65 ou máis anos: Información procedente da “Encuesta de morbilidad hospitalaria” do INE, por grupos de idade. Obtense como o

¹ <http://dxsp.sergas.es/ApliEdatos/Epidat/cas/default.asp>

cociente entre o total de estancias (estancia: número de días transcorrido entre a data de ingreso e a data de alta hospitalaria) de persoas de 65 ou máis anos e o número de altas hospitalarias no mesmo colectivo.

Indicadores laborais e económicos:

Os indicadores incluídos nesta categoría darán información para os niveis xeográficos Galicia e España, e por sexo.

- Porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica: Elaborada a partir da información da EPA do INE-IGE. Este indicador clasifica a poboación en: activos, ocupados, parados e inactivos.
- Taxa de actividade da poboación de 65 e máis anos: Extraída da EPA do INE-IGE, calcúlase como a porcentaxe de activos sobre a poboación de 65 e máis anos.
- Salario medio anual de persoas de 65 ou máis anos: Información que procede da Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Pensionistas, pensións por persoa e pensión media anual: Extraído da información que o IGE publica na súa páxina Web e que procede da Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), por grupos de idade.
- Gasto anual medio por fogar con sustentador principal de 65 ou máis anos: Extraído da “Encuesta de Presupuestos Familiares” do INE. Esta variable inclúe tanto o fluxo monetario que se destina ao pago de bens e servizos de consumo final, como o valor do autoconsumo, autosubministro, salario en especie, comidas de balde ou bonificadas e aluguer imputado á vivenda na que reside o fogar; está rexistrada a prezos de adquisición e no momento no que se produce o gasto.
- Taxa de risco de pobreza das persoas de 65 ou máis anos: Obtida da “Enquisa de condicións de vida das familias” do IGE para Galicia e da “Encuesta de condiciones de vida” do INE para España, e que se obtén como porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de pobreza, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Como ingreso equivalente de cada persoa tómase o ingreso equivalente do fogar ao cal pertencen, concepto que corrixe o efecto do número de persoas no volume de ingresos do fogar, facendo comparables os ingresos de fogares con distinto número de membros.

Difusión de resultados

Esta operación recolle un conxunto amplo de información que procede de diversas fontes. Está prevista a súa difusión a través da páxina Web do IGE, e a súa actualización será continua, en función da dispoñibilidade dos distintos indicadores ou datos necesarios para a súa obtención.